



EXCO. CONCELLO DA ESTRADA  
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA  
Avda: Benito Vigo, 94 - 3º 36680 – A ESTRADA  
Tlfn: 986572492 email: cmus.aestrada@gmail.com  
Web: www.conservatoriodemusica.aestrada.com

## COMUNICADO PARA NAIS/PAIS

O **alumnado** realizará unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria e antes da chegada ao centro, a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno.

Adxúntase modelo de autoavaliación de síntomas xunto coa declaración responsable que deberase devolver asinada ao centro.

### Organización das entradas

Todos os usuarios do centro empregarán a parte da súa dereita dos corredores e escaleiras para subir e para baixar , que estarán sinalados para establecer un sentido de circulación.

A asignatura de instrumento comezará á hora en punto. O alumno esperará fóra da aula correspondente ata que o mestre especialista o recolla e/ou lle permita a entrada.

As asignaturas teóricas grupais (**Linguaxe Musical, Educación Auditiva e Vogal, Análise, Harmonía e Novas Tecnoloxías**) comezarán á hora en punto. Os alumnos estarán personados na porta de entrada do centro (planta baixa) á hora que lles corresponda e serán organizados en ringleiras para acceder ao Conservatorio. **A finalización** destas clases será **dez minutos antes da hora en punto**, de modo que se poida ventilar a aula e realizar o cambio de clase (se fose o caso) ou a saída organizada do Centro.

A asignatura de **Música e Movemento** da Escola de Música comezará **dez minutos despois da hora en punto**. Os alumnos estarán personados na porta de entrada ( planta baixa) á hora que lles corresponda e serán organizados en ringleiras para acceder ao Centro. **A finalización** destas clases será **á hora en punto**, de modo que se poida realizar a súa saída organizada do Centro.

### Comenzo da clases

MÉRCORES 16

Asignaturas de Linguaxe musical e Educación Auditiva e Vogal ( E.A.V.)

LUNS 21

Resto de asignaturas e especialidades

LUNS 21

**Música e movemento** no horario correspondente.



EXCO. CONCELLO DA ESTRADA  
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA  
Avda: Benito Vigo, 94 - 3º 36680 – A ESTRADA  
Tlfn: 986572492 email: [cmus.aestrada@gmail.com](mailto:cmus.aestrada@gmail.com)  
Web: [www.conservatoriodemusica.aestrada.com](http://www.conservatoriodemusica.aestrada.com)

## **Horarios individuais.**

Co fin de evitar as aglomeracións de persoal e procurar que os alumnos/as permanezan no centro o menor tempo posible, os profesores están realizando unha proposta de horarios individuais, no momento que os teñan rematados será comunicado mediante vía telefónica. A proposta deberá ser aprobada pola totalidade dos interesados, en caso de que non ser posible, convocarásenos para facer o sorteo e escolla coma anos anteriores.